

ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL DE ACCESO E PRESENZA NO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as doce horas e trinta minutos do día 19 de febreiro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL DE ACCESO E PRESENZA NO CONCELLO DE AMES.

ASISTENTES:

Presidente:

José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, e Responsable da Área de Persoal e Reforma Administrativa.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria municipal do Concello de Ames.

Margarita Fernández Sobrino, interventora municipal do Concello de Ames.

José Rogelio Pardo Martínez, xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames

Secretaria:

M. Lara Pedrosa Rodríguez, funcionaria do Concello de Ames.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral contida no sobre A denominado "Documentación Administrativa" presentada polos licitadores.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral dos licitadores que presentaron solicitude para participar na adxudicación do contrato do "Subministro e instalación dun sistema de control de acceso e presenza no Concello de Ames"

A continuación procédese á apertura do devandito sobre "A" nomeado "Documentación Administrativa" resultando o seguinte:

Empresa	CIF	Anexo II	Declaración Acreditativa datos identificativos licitador	Anexo III	Anexo IV	Anexo V
ULTREIA SISTEMAS, S.L. (GROYNE IT SOLUTIONS)	B70263074	SI	SI	SI	SI	SI
SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.	B15259765	SI	SI	SI	SI	SI
TECISA 74 S.L.	B50628700	SI	SI	SI	SI	SI

Despois do exame da documentación presentada polos licitadores, e conforme ao disposto no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas se a mesa observa defectos u omisións subsanables na documentación presentada, o comunicará ós interesados para dita subsanación no prazo de tres días hábiles.

En consecuencia e de acordo co disposto no parágrafo anterior, a mesa por unanimidade, dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Declarar admitidas no presente procedemento ás seguintes empresas:

Empresa	CIF
ULTREIA SISTEMAS, S.L. (GROYNE IT SOLUTIONS)	B70263074
SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.	B15259765
TECISA 74 S.L.	B50628700

Ó abeiro do artigo 27 do Real decreto 817/2009 de 8 de maio, fixar para o día 23 de febreiro de 2018 ás doce horas a apertura dos sobres "B" no salón de plenos da Casa Consistorial.

E, non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos, do que se estende o presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

